

GUÍA DE COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL SENSIBLE Ó XÉNERO

O porqué desta guía



A linguaxe, é a forma que utilizamos para expresar como entendemos o mundo, isto é, a nosa visión da realidade e interpretación da mesma.

Lembremos que en moitas ocasións son as propias palabras as que son sexistas e androcéntricas, pero na maioría das ocasións é o uso que as persoas facemos delas o que as fai sexistas.

O que non se nomea non existe; así mesmo, o que se sobrenomea pode parecer que é o único que existe. Se non nomeamos ás mulleres como ocorre habitualmente nas comunicacións, parecerá que non existen e que os únicos que teñen protagonismo son os homes.

Así teríamos como aspectos crave a cambiar na linguaxe:

O Androcentrismo considera aos homes como suxeitos de referencia e ás mulleres como seres dependentes e subordinados a eles. Supón considerar aos homes como o centro e a medida de todas as cousas.

Os erros máis frecuentes do androcentrismo son o uso do xénero gramatical masculino como xenérico para facer referencia tanto a homes como a mulleres e a presentación do home como único suxeito de acción e de referencia e da muller como dependente ou subordinada.

O sexismo é a asignación de valores, capacidades e roles diferentes a homes e mulleres exclusivamente en función do seu sexo, desvalorizando todo o que fan as mulleres fronte ao que fan os homes, que é o que está ben, "o que ten importancia".

Os erros máis frecuentes do sexismo son utilizar diferentes tratamentos para cada sexo (minimizando ás mulleres); diferentes calidades para mulleres (relacionadas coa estética) e para homes (relacionadas co intelectual) e o uso do xénero feminino para descalificar e alusións pexorativas ás mulleres ou aos valores, comportamentos e actitudes que se lles asignan. A través da linguaxe proxectamos a realidade e dámoslle forma.

Transformemos a linguaxe androcentrista e sexista predominante e utilicemos unha linguaxe equitativa. Se transmitimos outra linguaxe estaremos a transmitir outra forma de construír o pensamento e outras formas de actuar. A continuación presentamos algunhas propostas e exemplos concretos que poden facilitarnos o uso non sexista da linguaxe.

Nesta guía propoñemos o uso de formas que consigan ambos os temas: o uso non sexista da linguaxe mediante formas lingüísticas cómodas para a lectura e adecuadas gramaticalmente.

- *Queremos que as mensaxes nos medios de comunicación aporten á construción dunha sociedade de respecto*
- *Si a linguaxe non me nomea , non existo , pero mentras exista vou a loitar para que a linguaxe me nomee*



COMO NOS COMUNICAMOS?



ACTUALIDAD - Polémica sexista

'¿Pueden sobrevivir las astronautas sin maquillaje?'



O discurso social sobre e cara a mulleres e homes, e polo tanto, cara ao que se considera feminino e masculino, é desigual, como o é o imaxinario colectivo que o soporta.

Esta guía pretende facilitar unhas pautas que poden orientarnos á hora de realizar comunicacións tanto internas como externas. Consideramos materiais internos aqueles que utilizamos para comunicarnos entre as persoas do Concello e externos os que se realizan para a comunicación coa sociedade en xeral, outros colectivos ou organizacións, etc.

Mencionamos algúns:

O discurso social sobre e cara a mulleres e homes é desigual, como o é o imaxinario colectivo que o soporta

<p>Materiais internos :</p> <ul style="list-style-type: none"> Avaliacións de actividades Informes Planificación estratéxica Correos electrónicos Actas Protocolos.... 	<p>Materiais externos:</p> <ul style="list-style-type: none"> Memorias Boletín Calendarios Correspondencia Páxina Web Publicacións Carteis....
--	---

RECOMENDACIÓNS

Unha primeira recomendación con vistas ó asentamento do principio de igualdade de oportunidades nas accións de comunicación é utilizar unha *linguaxe inclusiva e non sexista*.

Desta maneira, as mulleres e os homes que reciban a mensaxe, xa sexa nun texto en soporte escrito, como nun contido televisivo ou radiofónico, sentirán igualmente recoñecidas/os, por exemplo:

- Usar termos xenéricos no canto de voces masculinas en plural: *a cidadanía por cidadáns*
- Facer uso de barras e/ou usar masculino e feminino simetricamente na mesma frase: *mulleres e homes/homes e mulleres*.





RECOMENDACIÓNS NAS IMAXES

A recomendación de uso é extensiva ás imaxes e as ilustracións.

O coidado escrupuloso dos contidos e as situacións presentes nas imaxes utilizadas en calquera folleto, guía, cartel ou contido de difusión pode servir para visibilizar ás mulleres como persoas igualmente activas na sociedade, ou pola contra, traducirse en imaxes estereotipadas, pouco representativas.



Por exemplo, utilizar imaxes de mulleres enxeñeiras ou investigadoras no canto de enfermeiras ou de mulleres en actitudes de coidado ou do ámbito doméstico.

Así mesmo, é importante que ditas imaxes reflectan a diversidade das mulleres.

A experiencia feminina non é única. As mulleres son distintas entre si, tanto pola súa posición social e experiencia vivida como desde o punto de vista da súa idade, a súa procedencia ou contexto cultural, orientación sexual, estado de saúde, etc.

É recomendable visibilizar ás mulleres e dirixirse a elas a través das imaxes, poñendo en valor a súa achega á sociedade en todos os ámbitos, para que perciban que as actuacións contribúen á mellora da igualdade de oportunidades de homes e mulleres.

RECOMENDACIÓNS NA ORGANIZACIÓN DE ACTOS INFORMATIVOS

- ⇒ Na organización de actos informativos e desexable que estean mulleres **participando nas labores de información** tan activamente como os homes
- ⇒ Suxírese a **presenza equilibrada** de mulleres e homes en calquera acto e que teñan tanta presenza, visibilidade e participación como os homes.
- ⇒ É interesante que nas labores de información se poñan como **exemplo proxectos dirixidos ou protagonizados por mulleres**.
- ⇒ Resulta de interese e utilidade **desagregar os datos estatísticos por sexo** na súa recollida e análise, empregar indicadores de xénero e reflectir as opinións e participación feminina.
- ⇒ **Procedementos e ferramentas**
- ⇒ Recoméndase un **uso non sexista e inclusivo da linguaxe e imaxes non sexistas**, que rachen cos estereotipos de xénero
- ⇒ É conveniente **estudar que canais, medios e formatos pódese chegar en igualdade de condicións a mulleres e homes**: é interesante diversificar
- ⇒ **É desexable establecer obxectivos** nas accións de información, por exemplo, chegar a certo número de mulleres, porcentaxe de participación feminina.

PROPOSTAS:

Usar xenéricos reais (idades, profesións, grupos sociais...)	Exemplo: a poboación beneficiaria
Usar dobres formas, masculino e feminino para destacar ou visibilizar . Aínda que puidese parecer contradictorio á proposta anterior, queremos remarcar que tendo en conta o CONTEXTO pode haber situacións nas que nos interesa especialmente remarcar que nunha situación aparezan tanto homes como mulleres.	Exemplo: As traballadoras e traballadores do concello participaron activamente na campaña informativa.
A orde define poder: ir alternando.	Exemplo: As mulleres e os homes, os nenos e as nenas...
Interesante remarcar xénero en temas/roles non habituais de homes e mulleres	Exemplo: Onte chegaron as e os líderes...
Uso de termos metonímicos (figura da linguaxe que substitúe o masculino xenérico pola profesión que desempeñan, o cargo que ocupan, o lugar, etc.)	Exemplo: A corporación, O Concello, Vedra..
Personalizar sempre que sexa posible . Se coñecemos quen é a persoa destinataria	Exemplo: Estimada . Non Estimado/a
Quitar o artigo e determinante nos substantivos neutros	Exemplo: Profesionais do sector... Cada asistente
Usar pronomes	Exemplo: Entre quen reúna as características...
Utilizar as formas reflexivas	Exemplo: Non se pode fumar
Sinalar valores, aptitudes e capacidades correspondentes á persoa en si e non en función da súa pertenza a un sexo ou outro	Exemplo: A vicepresidenta destacou pola súa capacidade negociadora na reunión.
Facer o mesmo trato a homes e mulleres: sen asimetrías.	Exemplo: O equipo composto por Mariano González e Pepa Rodríguez
Uso excepcional das barras e parénteses . Só en textos breves non redactados: fichas, formularios,... alternando masculino e feminino. Paréntese cando a oposición masculino-feminino no final de palabra, sexa ø/a.	Exemplo: Socia/ou, o noso/a... Sr. (a) Destinatario/a Director (a)

NAS IMAXES:



Non escenificar os roles tradicionais de xénero . Facelo ao revés se queremos lanzar "mensaxe".	Exemplo : Un home mudando os cueiros dunha filla ou fillo
Visibilizar ás mulleres e as súas necesidades . Representar ás mulleres, e non á muller vista desde o prisma do home.	Exemplo : Unha muller traballando
Presentar equilibrio numérico	Exemplo : equidade na cantidade
Ter en conta o tamaño das imaxes de homes e de mulleres , lugar da foto, planos...	Exemplo : equiparar o protagonismo
Reflexionar a diversidade e heteroxeneidade en idade, etnia, cultura, físico, opción sexual...	Exemplo: reflexionar a diversidade, altas/os, baixos/as, gordos/as....
Mulleres como suxeitas activas nas imaxes	Exemplo : mulleres realizando accións

Carolina Mariñ Balmonte

Y hasta se ha echado novio

La española se prepara para defender su título mundial, que se disputa esta semana en Yakarta (Indonesia)

De ser la topada, a convertirse en la real a bailar por todas

JAVIER SÁNCHEZ

Actualizado 10/03/11 18:18 horas

2014

Grúa Carolina Mariñ contra el dominio masculino; cónstros «Y hasta se echou novio» describen su juego, su personalidad, su bello. (Dios, qué carácter! Hoy es su debut, pero tiempo atrás tanta fama amenazó su carrera. «Falta 2014», dijo el amor que elevó sus objetivos, y poco tardó en caer en la trampa. «Tanta desmesura prima», admite ahora. En un entrenamiento invernal, la ambición le dominó y vino su entrenador de toda la vida, Fernando Rivero, a bajarle los humos. «Me pregunté serio qué quería ser en la vida y yo sólo pude darme la vuelta y volverme a mirar», analiza.